



Xerencia

Resolución conxunta da Xerencia e da Vicerreitoría de Economía e Planificación Estratéxica pola que se publican os criterios de codificación do financiamento alleo na clasificación orgánica de ingresos e gastos da UDC.

A Universidade da Coruña (en diante UDC) recibe, xestiona e xustifica axudas procedentes da Unión Europea e das administracións públicas estatal, autonómica e local. Para o seguimento destas axudas mantén un sistema de contabilidade separada asignando un código contable orgánico específico para cada financiamento alleo concedido, na clasificación de ingresos e gastos.

A raíz da publicación no Real Decreto-lei 36/2020, de 30 de decembro, de medidas urxentes para a modernización da Administración Pública e para a execución do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia (PRTR) e das Ordes HFP/1030/2021, de 29 de setembro e HFP/1031/2021, de 29 de setembro, a UDC considera necesario publicar unha norma onde se recollan os criterios de codificación que se veñen utilizando para o financiamento alleo, dando cumprimento a obriga de manter un sistema separado de contabilidade, cun código contable específico e individualizado para cada financiamento. Neste código orgánico se recollen todas as operacións vinculadas a cada concesión, tanto no orzamento de ingresos como en gastos. Isto permite contar cunha pista de auditoría apropiada en relación con todos os ingresos e gastos vinculados a cada resolución de axuda e/ou financiamento alleo concedido. Por outra parte, tamén proporciona información necesaria para o tratamento dos gastos e ingresos na contabilidade analítica.

Os criterios de codificación se establecen a nivel de orgánica, para todos os gastos correspondentes a financiamento alleo.

A clasificación orgánica do orzamento de ingresos e gastos está formada por dez díxitos. O rexistro contable efectúase no sistema contable da UDC, Universitat XXI-Económico (en diante UXXI-Ec.), cos seguintes criterios:

Primeiro.- Centro de gasto*4 díxitos para o código do Centro de Gasto*

O detalle de centros de gasto e o que corresponde as diferentes unidades orgánicas que xestionan gastos con cargo ao orzamento da UDC.

Código Seguro De Verificación	50qqSJnG/+vzrkeZiRB8fA==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Vicerr. de Economía e Planificación Estratéxica - Domingo Javier Calvo Dopico	Asinado	23/12/2021 13:44:02
Observacións	XERENTE - Ramón Alberto Del Valle López	Asinado	23/12/2021 13:36:55
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/50qqSJnG/+vzrkeZiRB8fA==		
Normativa	Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).		



Segundo.- Actividade

Quinto dígito para indicar a actividade, conforme co seguinte detalle:

- 2 proxecto
- 3 infraestrutura
- 4 convenio
- 5 programa de recursos humanos (RRHH).
- 6 contratos artigo 83 da Lei Orgánica 6/2001, de 21 de decembro, de Universidades (LOU)
- Letra "E" indicativa do programa europeo Erasmus

Terceiro.- Financiamento

Sexto dígito para indicar a entidade financiadora, conforme co detalle que se indica:

- 0 Financiamento do exterior (alleo á UE)
- 1 Administración Xeral do Estado (Ministerios con competencias en economía e en educación)
- 2 Outros Ministerios
- 3 organismos autónomos e outros entes públicos (inclúe as universidades)
- 4 Xunta de Galicia
- 5 Universidade da Coruña (UDC). Dotacións procedentes de recursos liberados dispoñibles de proxectos (RLDs)
- 6 Administración Local
- 7 empresas
- 8 Unión Europea (UE)
- 9 Fundacións, colexios profesionais, ONGs, grupos parlamentarios

Na descrición da orgánica constará a referencia de cada axuda, investigador principal (en diante IP) e os códigos identificativos requiridos para cada concesión

Todas as convocatorias, licitacións, convenios e o resto de instrumentos xurídicos, que se desenvolvan no ámbito da UDC con financiamento europeo, estatal, autonómico e/ou local adecuaranse as medidas de publicidade e as condicións establecidas para cada resolución de concesión.

Código Seguro De Verificación	50qqSJnG/+vzrkeZiRB8fA==	Estado	Data e hora	
Asinado Por	Vicerr. de Economía e Planificación Estratégica - Domingo Javier Calvo Dopico	Asinado	23/12/2021 13:44:02	
	XERENTE - Ramón Alberto Del Valle López	Asinado	23/12/2021 13:36:55	
Observacións		Páxina	2/6	
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/50qqSJnG/+vzrkeZiRB8fA==			
Normativa	Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).			

Cuarto.- Proxectos en execución do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia (PRTR), financiados con fondos europeos procedentes do Instrumento Europeo de Recuperación («Next Generation EU»)*Sétimo e oitavo dígito:*

No sétimo e oitavo dígito da orgánica levan as letras “NG”, indicativo de («Next Generation EU»). Todas as axudas financiadas con estes fondos levarán estas letras no lugar indicado e serán exclusivas para as actuacións con este financiamento. Non poderá repetirse esta combinación. A hora da codificación se dará prioridade a esta nomenclatura.

Noveno e décimo dígito:

Os dous últimos díxitos da orgánica indican a número de orde na UDC de cada proxecto «Next Generation EU», en función do número de proxectos xestionados na Universidade con este financiamento e de alta no sistema contable Universitas XXI-Ec.

Na descrición da orgánica constará a referencia de cada axuda, IP, o código que corresponda da Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS), o número de compoñente e de investimento, conforme co establecido no Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia (PRTR) e os códigos identificativos requiridos para cada concesión

A execucións destas axudas adecuarase ao establecido nas Ordes HFP/1030/2021, de 29 de setembro e HFP/1031/2021, de 29 de setembro e nas normas que se diten no ámbito do PRTR e para a execución dos fondos do Instrumento Europeo de Recuperación.

Todas as convocatorias, licitacións, convenios e o resto de instrumentos xurídicos, que se desenvolvan neste ámbito, deberán adecuaranse as medidas de publicidade e as condicións establecidas para estes fondos.

As convocatorias de axudas que realice a UDC financiadas con fondos «Next Generation EU» deberán publicarse na BDNS, conforme co establecido na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, na Lei 38/2003 do 17 de novembro xeral de subvencións e no Real Decreto-lei 36/2020, de 30 de decembro, polo que se aproban

Código Seguro De Verificación	50qqSJnG/+vzrkeZiRB8fA==	Estado	Data e hora	
Asinado Por	Vicerr. de Economía e Planificación Estratégica - Domingo Javier Calvo Dopico	Asinado	23/12/2021 13:44:02	
Observacións	XERENTE - Ramón Alberto Del Valle López	Asinado	23/12/2021 13:36:55	
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/50qqSJnG/+vzrkeZiRB8fA==		Páxina	
Normativa	Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).		3/6	

as medidas urxentes para a modernización da Administración Pública para a execución do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia e ordes que o desenvolven.

Quinto.- Programa de mobilidade da Unión Europea Erasmus

Na descrición da orgánica constarán os códigos identificativos requiridos para cada concesión

- 5º dígito corresponde coa letra “E” de Erasmus.
- 6º dígito fai referencia ao tipo de proxecto (“3”- proxecto KA103 ou “7”- proxecto KA107)
- 7º e 8º indican o ano de inicio (dous díxitos) e 9º e 10º o ano do fin do proxecto (dous díxitos)

Sexto.- Infraestruturas

Neste apartado se recolle a codificación para as infraestruturas en execución. A partir de 01/01/2022 as novas concesións de axudas para infraestruturas identificaranse cos códigos que correspondan en función do financiador, conforme co establecido no apartado terceiro desta resolución

- 4º primeiros díxitos para o código do Centro de Gasto
- 5º dígito fai referencia a actuación de infraestrutura (3 infraestrutura).
- 6º dígito a procedencia do financiamento (1 estatal, 4 autonómica, etc).
- 7º y 8º dígito o ano de concesión.
- 9º e 10º díxitos son aleatorios en función da apertura da orgánica.

En UXXI-Ec o campo descritivo da aplicación indicará a referencia do proxecto/axuda, financiamento recibido e investigador principal.

Sétimo.- Alta de aplicacións en Universitat XXI-Ec.

Os criterios establecidos nos apartados anteriores utilizaranse para rexistrar en UXXI-Ec., cada resolución de axuda obtida a UDC. Este código orgánico único, vincúlase exclusivamente a un financiamento concreto. Neste código se agruparán todas as operacións contables da axuda.

Código Seguro De Verificación	50qqSJnG/+vzrkeZiRB8fA==	Estado	Data e hora	
Asinado Por	Vicerr. de Economía e Planificación Estratégica - Domingo Javier Calvo Dopico	Asinado	23/12/2021 13:44:02	
	XERENTE - Ramón Alberto Del Valle López	Asinado	23/12/2021 13:36:55	
Observacións		Páxina	4/6	
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/50qqSJnG/+vzrkeZiRB8fA==			
Normativa	Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).			

A documentación soporte que corresponde a cada expediente de gasto se arquivará electrónicamente no repositorio documental electrónico (RDOC) de UXXI-Ec. A esta documentación poderá accederse mediante consulta de cada documento contable.

Deste xeito se garante que todas as actuacións realizadas no marco dunha axuda concedida contan cunha unha pista de auditoría axeitada que permite facer o seguimento dos gastos e dos ingresos que corresponden a cada financiamento e como información necesaria para a contabilidade analítica. Con respecto as licitacións a UDC utiliza o sistema de licitación electrónica da Xunta de Galicia (SILEX). A codificación para o seguimento contable é a que corresponde a esta resolución.

O resto das convocatorias de axudas publicadas pola UDC adecuaranse tamén ao establecido nesta materia pola Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia e a Lei 38/2003 do 17 de novembro xeral de subvencións.

Oitavo.- Vixencia

A codificación establecida para infraestruturas manterase unicamente para as infraestruturas en execución. As novas concesións de infraestruturas, dende o 01/01/2022, identificaranse co dígito que corresponda en función da entidade financiadora (apartado terceiro desta resolución).

A codificación dos proxectos con financiamento do exterior, alleos a UE e de artigos 83 da LOU iniciarase o 01/01/2022.

Disposición final

No anexo que se incorpora se detallan os criterios recollidos nesta resolución.

Esta resolución publicarase no Taboleiro da Sede Electrónica da UDC e entrará en vigor o día seguinte da súa publicación.

Na data da sinatura dixital

Código Seguro De Verificación	50qqSJnG/+vzrkeZiRB8fA==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Vicerr. de Economía e Planificación Estratéxica - Domingo Javier Calvo Dopico	Asinado	23/12/2021 13:44:02
	XERENTE - Ramón Alberto Del Valle López	Asinado	23/12/2021 13:36:55
Observacións		Páxina	5/6
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/50qqSJnG/+vzrkeZiRB8fA==		
Normativa	Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).		





ANEXO

CODIFICACIÓN FINANCIAMENTO AFECTADO			
UXXI ORGÁNICA: XX.XX.5º.6º.XX.XX			
DÍXITO 5º		DÍXITO 6º	
2	PROXECTOS	0	FINANCIAMENTO DO EXTERIOR (ALLEO A UE)
3	INFRAESTRUTURAS	1	ADMINISTRACIÓN XERAL DO ESTADO (ministerios con competencias en economía e en educación)
4	CONVENIOS	2	OUTROS MINISTERIOS
5	PROGRAMAS RECURSOS HUMANOS	3	OOAA e OUTROS ENTES PÚBLICOS (UNIVERSIDADES)
6	CONTRATOS ART. 83 DA LOU	4	XUNTA DE GALICIA
E	PROGRAMA EUROPEO ERASMUS	5	UNIVERSIDADE DA CORUÑA (UDC)
		6	ADMINISTRACIÓN LOCAL (DIPUTACIÓNS, CONCELLOS)
		7	EMPRESAS
		8	ÚNION EUROPEA
		9	FUNDACIÓNS, COLEXIOS PROFESIONAIS, ONGs, GRUPOS PARLAMENTARIOS

CODIFICACIÓN FINANCIAMENTO AFECTADO «Next Generation EU»			
UXXI ORGÁNICA: XX.XX.28.NG.XX			
NG	PROXECTOS	7º e 8º dígito da orgánica	Codificación dos proxectos que se desenvolvan en execución do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia (PRTR), financiado con fondos do Instrumento Europeo de Recuperación («Next Generation EU»)
		9º e 10º dígito da orgánica	Indican a número de orde na UDC de cada proxecto "Next Generation EU", en función do número de proxectos xestionados con este financiamento e de alta no sistema UXXI-Ec

CODIFICACIÓN FINANCIAMENTO AFECTADO «ERASMUS»			
UXXI ORGÁNICA: XX.XX.E.tipo proxecto.ano inicio.ano fin			
ERASMUS	PROXECTOS	5º dígito da orgánica	letra "E"
		6º dígito da orgánica	tipo de proxecto: "3"- proxecto KA103 ou "7"- proxecto KA107
		7º e 10º dígito da orgánica	Os catro últimos díxitos da orgánica indican con dúas cifras o ano de inicio e outras dous cifras o ano de fin

Código Seguro De Verificación	50qqSJnG/+vzrkeZiRB8fA==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Vicerr. de Economía e Planificación Estratéxica - Domingo Javier Calvo Dopico	Asinado	23/12/2021 13:44:02
Observacións	XERENTE - Ramón Alberto Del Valle López	Asinado	23/12/2021 13:36:55
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/50qqSJnG/+vzrkeZiRB8fA==		
Normativa	Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).		

